

Memoria de actividades

Galicia 2024

#EducarCura



Título: Memoria de Actividades de Educo Andalucía 2024

© Educo

Permítese a reprodución total ou parcial desta obra por medio ou procedemento sempre que se mencione a fonte e fágase sen fins comerciais

Impreso en España

Primeira edición: Maio 2025

Coordinación: Mónica Viqueira Martínez

Redacción: Ramón Ferreiro Mariño

Deseño editorial: Anaïs López

Corrección: Ramón Ferreiro Mariño

Fotografías: Héctor Evander Argueta, Laura Álvarez, Olalla Fernández García, Mónica Viqueira

Para máis información sobre os temas tratados neste documento, póñase en contacto con: galicia@educu.org ou chama ao 607 166 927

Educo Delegación Galicia: Rúa M^a Luisa Durán Marquina, 20, 1º, 15011 A Coruña



Contenido

Quen somos

5

Educo en Galicia

6

Programas

7

Cooperación ao Desenvolvemento

9

Educación para a Cidadanía Global

10

Sensibilización

16

Incidencia política e traballo en rede

17





Quen somos

Somos unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento e acción humanitaria presente en 18 países que actúa desde hai máis de 30 anos a favorda infancia e en defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a recibir unha educación de calidade.

Traballamos para que todos os nenos e as nenas disfruten plenamente dos seus dereitos e dunha vida digna. Poñemos o foco no dereito á educación para a infancia porque considerámola a base de todos os cambios posibles. Porque a educación cura e ofrece novas oportunidades.

Somos membro de ChildFund Alliance, unha das principais coalicións internacionais de ONG centrada na protección da infancia e que está presente en máis de 60 países.



Educo en Galicia

Educo está presente en Galicia dende o ano 2010 promovendo o traballo a favor do benestar da infancia a través de distintos programas de acción social, educación, mobilización e cooperación ao desenvolvemento.

Así mesmo, impulsamos o traballo en rede con outras entidades sociais para sumar esforzos e multiplicar os resultados do noso traballo, ao tempo que participamos de distintas campañas para sensibilizar a poboación galega sobre a realidade da infancia no noso país e nos países onde traballamos. Do mesmo modo, articulamos procesos de incidencia política co fin de reclamar aos poderes públicos a defensa e promoción dos dereitos da infancia e maior protagonismo para eles nos seus programas e políticas públicas.

Na loita por alcanzar estes obxectivos promovemos valores de solidariedade, xustiza social e desenvolvemento humano sostible, mentres traballamos para fortalecer lazos de correlación na procura dunha maior igualdade dende o enfoque de dereitos.

Na actualidade Educo en Galicia conta cunha base social de preto de 4.300 colaboradores, da cal un 70% corresponde a mulleres colaboradoras. Nas provincias da Coruña e Pontevedra concéntrase a maior parte dos nosos apoios. No ámbito empresarial, mais de 30 empresas apoiaron o noso labor a través de doazóns aos distintos programas que levamos a cabo. Estes datos representan un incremento importante respecto o ano anterior: 13 empresas e preto de 1000 colaboracións individuais.

Durante o ano 2024 Educo contou con 6 profesionais destinados en Galicia e co apoio dun voluntario.

Programas

Acción social

Programa Becas Comedor

O Programa de Becas Comedor ten como obxectivo garantir unha comida completa e saudable ao día a nenas e nenos en situación de risco de pobreza e exclusión social que non contan co apoio das administracións públicas.

Durante o ano 2024 en Galicia, Educo brindou apoio ás familias dunha quincena de centros educativos (principalmente das provincias de A Coruña e Pontevedra), garantindo unha alimentación adecuada a máis de 150 nenos e nenas na comunidade autónoma.

Así mesmo, no ano 2023 publicamos o informe **“O comedor escolar en Galicia. A visión das familias”** no que se analizaba a situación do comedor, o acceso e as dinámicas de xestión e atención dos mesmos. Remataba con unha serie de recomendacións para conseguir a súa gratuidade. Cuestión na que seguimos incidindo por estar lonxe de conseguir o obxectivo da gratuidade do comedor escolar.

En Galicia, nos 12 anos transcorridos, vimos aumentar paulatinamente o número de solicitudes recibidas, sendo a maioría casos derivados dos servizos sociais das cidades e vilas galegas e doutras entidades de acción social e xestionadas a través dos centros de ensino.

Programa Becas Comedor Verán

A través do Programa de Becas Comedor Verán alívanse as familias do peso que supón a incapacidade de conciliar a vida laboral e persoal á vez que se asegura unha alimentación completa a

nenas e nenos. Esta iniciativa implántanse da man de entidades de acción social coas que Educo comparte o obxectivo de velar pola defensa dos dereitos da infancia. Bríndase este apoio a través de acordos con distintas entidades galegas que traballan coa Infancia en risco de exclusión e que desenvolven nos meses de verán campamentos e actividades de lecer educativo con nenas e nenos.

Ao longo do verán **2024**, Educo traballou conxuntamente coas entidades: Asociación Juan Soñador e Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas, dando atención a 85 nenas e nenos.

Programa Tecendo Redes de Protección e Bo Trato

Mantemos este programa iniciado o ano anterior no que buscamos acompañar a centros educativos na creación de contornos protectores e de bo trato no ámbito educativo coa finalidade de facilitar a xénese das máximas condicións posibles de protección e bo trato para o alumnado. Así, mediante a articulación de Políticas de Protección e Bo Trato á infancia e adolescencia, os centros educativos garanten que o seu persoal, as súas actividades e a súa propia xestión non causen ningún dano a nenas, nenos e adolescentes. A aplicación de estratexias e mecanismos garanten a diminución dos riscos de desprotección e a promoción de espazos de bo trato.

Este programa desenvólvese con 34 centros educativos no territorio español dos cales tres pertencen a comunidade galega. As accións desenvolvidas o longo do 2024 foron:

- Formación e acompañamento na elaboración e implementación das estratexias de Protección e Bo Trato á Infancia e a Adolescencia dos centros educativos: Colexio Grande Obra de Atocha, CPR Plurilingüe Nosa Sra. do Carmen de Betanzos e CPR A Ponte Pasaxe:
- Formación Presencial “Roteiros e protocolos de actuación: Mapeo Institucional e Protocolos Internos” (6 de marzo – A Coruña)
- Acompañamento vía e-mail para a revisión de ferramentas de protección. Os tres centros educativos certificaron no proceso de deseño da súa estratexia de protección.
- Reunión en liña de Planificación do Curso (3 outubro)
- Obradoiros presenciais de formación ao profesorado en protección e bo trato á infancia e a adolescencia: A Grande Obra de Atocha (4 novembro – No propio centro) A Ponte Pasaxe (5 novembro – No propio centro) Atocha Betanzos (6 novembro – No propio centro)
- Creación dunha rede de protección de centros educativos de Galicia e Madrid: obradoiro presencial de creación da Rede (7 novembro - A Coruña)

trato específica para cada entidade, establecida a partir das súas especificidades de intervención.

Dentro do marco do proceso “Protexemos” que comezou en xuño de 2023 e rematou en marzo de 2024 salientamos as seguintes accións: Sesión de acompañamento (9 xaneiro 2024)

- Entrega do Plan de Acción (12 de febreiro)
- Entrega borrador final Política de Protección e Bo Trato (26 de febreiro)
- Final do curso e descarga do certificado (4 de marzo)

Entidades que participaron no proceso completo e certificaron:

- Asociación Dignidade Galicia. Ferrol
- Acción Familiar Ferrol. Ferrol
- Fundación Meniños.
- Asociación ADAHPO (TDAH e NEAE) Pontevedra
- Asociación Arela.
- Club Escola de Fútbol DS F. Vigo
-

Protexemos nas entidades do programa ProInfancia de “Fundación a Caixa”

Trata de desenvolver políticas de protección e bo trato nas entidades implicadas no programa ProInfancia financiado pola Fundación a Caixa e cumprir cos requisitos marcados pola LOPIVI.

Participan 8 entidades de Galicia. O proceso formativo desenvólvese tanto a nivel presencial como a distancia, acompañando ás entidades ata finalizar coa formulación dunha política de protección e bo



Cooperación ao Desenvolvemento

Empoderamento de mulleres rurais para erradicar a violencia de xénero en Nicaragua

Datas de execución: 1/09/2023- 30/12/2024

Nº de participantes: 440 persoas (200 mulleres, 100 homes, 67 nenas/adolescentes, 73 nenos/adolescentes)

Contraparte: ONG Centro de Servicios Educativos en Salud y Medio Ambiente Nicaragua (CESESMA)

Financiador: Subdirección de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia

O proxecto desenvólvese en 7 comunidades do municipio El Tuma - La Dalia, Matagalpa, Nicaragua. Zona con índices de pobreza elevados, agricultura de subsistencia, escasos medios de produción. Altas taxas de violencia de xénero e poucas alternativas de desenvolvemento persoal e social para as mulleres.

En resposta a esta situación, e co fin de erradicar este tipo de violencia machista, fomentamos o empoderamento económico, social e ambiental das mulleres de sete comunidades rurais do municipio

O Tuma - A Dalia, no departamento de Matagalpa. E facémolo en colaboración co Centro de Servicios Educativos en Saúde e Medio Ambiente Nicaragua (CESESMA) e o apoio da Xunta de Galicia.

Ao longo de 16 meses ofrecemos formación en xénero, creación de negocios e protección ambiental, así como talleres de sensibilización, formación en novas masculinidades e apoio a mulleres para o desenvolvemento de iniciativas produtivas que lles permitan xerar ingresos e mellorar a súa calidade de vida. En total, acompañamos a creación de 50 negocios liderados por mulleres.

Tamén promovemos boas prácticas ambientais en sete escolas e comunidades, e fortalecemos redes de apoio para previr a violencia de xénero. Ademais, 10 mulleres foron recoñecidas pola Alcaldía Municipal polo seu liderado na promoción da igualdade entre homes e mulleres.

Tras o seu paso polo proxecto, Fanis séntese moito máis segura de si mesma: "Gracias ás formacións aprendín a expresarme, a fortalecer a miña autonomía e a levar unha vida libre de violencia. Agora, participo en espazos organizativos e estoume formando en cociña e gastronomía para emprender o meu propio negocio e mellorar a vida da miña familia".

Educación para a Cidadanía Global

Programa Sementando Participación. VII Edición

Datas de execución: 1/09/2024- 31/12/2024

Nº de participantes: 150 persoas (alumnado e profesorado)

Financiador: Concello de A Coruña

Sementando Participación é unha iniciativa que nace da colaboración entre a Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello de A Coruña e Educo co obxectivo de **motivar a participación infantil entre o alumnado da cidade.**

Preto de 145 alumnas e alumnos da cidade participaron na **sétima edición** do proxecto a través de distintos obradoiros que lles achegaron o coñecemento dos dereitos da Infancia, incidindo no coñecemento do dereito á participación infantil. Nunha segunda fase o fomento da escoita activa, o respecto e o traballo en grupo levaron ao alumnado á **reflexión sobre o seu contorno e as problemáticas que lles rodean** para rematar traballando distintas propostas de mellora para os seus barrios e a súa cidade. Estas achegas foron, finalmente, compartidas coa Alcaldesa da cidade e o seu equipo de goberno quen se comprometeu a valoralas e levalas a cabo na medida do posible.

- Nesta edición participaron:
- CPR Calasancias: 2 grupos de 5º primaria
- CEIP Eusebio da Guarda: 3 grupos de 6º de primaria.
- CPR Cid: 1 grupo de 6º de primaria



A protección da infancia dende a mirada da Axenda 2030. Da sensibilización ao activismo.

Datas de execución: 1/09/2023- 30/09/2024

Nº de participantes: aproximadamente 330 persoas (Entre nenos, nenas e adolescentes, universitarios e educadores).

Financiador: Subdirección Xeral de Cooperación Exterior de Xunta de Galicia

A violencia é un fenómeno global, omnipresente, mais preocupante nunhas rexións do mundo que noutras pero presente en todas elas e en moitos casos silenciada e aceptada pola sociedade. Esta prodúcese en tódolos países, en tódolos contornos e en todas as etapas. Calcúlase que no mundo hasta mil millóns de nenas, nenos e adolescentes foron vítimas de situacións de violencia como: abusos físicos, sexuais, emocionais ou de abandono ou negligencia no último ano.

A violencia que se sofre durante esta etapa de vida ten efectos directos sobre o desenvolvemento cognitivo, social e afectivo, sobre a saúde, a educación e, en xeral, sobre o benestar da infancia.

Esta proposta quere sensibilizar á poboación sobre a problemática da violencia na infancia e adolescencia, poñendo especial foco nas nenas, nenos e adolescentes e no sector de educadores e educadoras. A partir do coñecemento dos seus dereitos as e os participantes afondan no coñecemento do dereito á protección e tamén na identificación das distintas tipoloxías de violencia ás que poden estar expostos, aquí e noutros lugares do mundo. Así adquiren ferramentas para identificar e dar resposta ás situacións violentas ás que se poidan ter que enfrontar. O produto final foi a elaboración

de decálogos de Bo Trato nos diferentes espazos nos que se desenvolve a vida dos nenos, nenas e adolescentes (familia, lecer, deportes, centro de ensino, sanidade, ...) repartíndoos neses espazos e dándolles publicidade para que foran coñecidos pola poboación.

O proxecto pretende dar continuidade ao proxecto do ano anterior centrando as accións tanto en entidades de lecer como en centros educativos.

Centros de Ensino:

- CPI Cruz do Sar (Bergondo)
- CPR Nosa Señora do Carmen, Atocha (Betanzos)
- CEIP Milladoiro (Malpica)
- CPR Ponte Pasaxe (Culleredo)

Entidades sociais e de lecer:

- Cooperativa Aventureira (Narón)
- Fundación Juan Soñador (A Coruña)
- Casas da mocidade (Oleiros)
- Cáritas Interparroquial de Santiago (Santiago de Compostela)

Universidade:

- Facultade de Educación (A Coruña)

Nesta nova edición, mantemos a conexión cos grupos de activistas en Bolivia. A través de vídeo cartas compartiron inquiredanzas e accións desenvoltas na procura da protección fronte a violencia a nivel global. Promovemos un encontro virtual entre educadores e o equipo de Educo en Bolivia de xeito que acordamos manter esta actividade de cara o futuro.

A protección da infancia dende a mirada da Axenda 2030. Unha ollada ao Sur e o ApS como camiño á transformación social

Datas de execución: 1/09/2024- 30/09/2025

Nº de participantes: aproximadamente 300 persoas (Entre nenos, nenas e adolescentes, universitarios/as e educadores).

Financiador: Subdirección Xeral de Cooperación Exterior de Xunta de Galicia



A mediados do 2024 xurde a posibilidade de traballar co alumnado universitario da Universidade de Vigo e A Coruña de cara a implementar proxectos de aprendizaxe servizo nos graos de Publicidade e Relacións Públicas (Pontevedra), Educación Social e Educación Infantil na UDC.

Durante o primeiro cuadrimestre desenvólvese en Pontevedra (de outubro a decembro) xurdindo diferentes iniciativas para chegar a sensibilizar a poboación sobre a violencia que sofre a infancia: Publicidade en dúas liñas de autobuses urbanos da Coruña e Pontevedra, actividades nos centros educativos da cidade de Pontevedra, accións de sensibilización no campus universitario,... Participan 2 profesores e 30 alumnos e alumnas.

Na facultade de educación da UDC desenvolveranse as accións durante o ano 2025, segundo cuadrimestre do curso.

Asemade identificamos centros de ensino e entidades de lecer para o desenvolvemento do proxecto durante os meses de xaneiro a xuño do 2025. Na actualidade xa temos comprometidos 3 centros de ensino e dúas entidades de lecer para a formación do monitorado que participa nas actividades das entidades.



Educación para a cidadanía global e Aprendizaxe Servizo para a promoción da Cultura de Paz na diversidade escolar

Datas de execución: 1/01/2024- 31/12/2025

Nº de participantes: 12 centros de ensino de: Madrid, Andalucía, Cataluña e Galicia, 3 por Comunidade autónoma. En Galicia: IES Francisco Aguiar (Betanzos), CPI Cruz do Sar (Bergondo), CEIP Isidro Parga Pondal (Oleiros)

Aproximadamente 140 persoas en Galicia (Entre nenos, nenas e adolescentes e profesorado).

Financiador:



O proxecto desenvólvese durante dous anos, reflectimos neste momento un resumo das actividades realizadas durante o ano 2024:

- Identificación dos centros dispostos a participar. Unha vez contactados máis dunha ducia de centros, os 3 citados confirman a súa vontade de participar.
- Durante os meses de febreiro a xuño mantemos información periódica co profesorado involucrado.
- O persoal técnico diseña e prepara todos os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas. Salientar a publicación da: "Guía de aprendizaxe-servizo e currículo por competencias" en colaboración coa Rede española de aprendizaxe-servizo. Así como outros materiais.

- Durante os meses de outubro e novembro desenvólvese un curso en liña para os centros sobre Aprendizaxe servizo, curso certificado pola Universidade de Barcelona
- Celebración do "I Seminario de educación Transformadora e Cidadanía Global" (Sevilla do 22 o 24 de novembro 2024), destinado o profesorado participante no proxecto: participan 7 docentes de Galicia, unha delas intervéñen como poñente durante o seminario.
- Despois do Seminario procedese a establecer calendarios e actividades de coordinación cos centros de cara o deseño e realización dos proxectos de aprendizaxe-servizo a desenvolver en cada un dos centros.

Campaña Mundial pola Educación

Datas de execución: 1/09/2023- 30/09/2024

Nº de participantes: 1732 nenos, nenas e adolescentes e 294 persoal educador

Financiador: Subdirección Xeral de Cooperación Exterior de Xunta de Galicia

A Campaña Mundial pola Educación (CME) é unha coalición internacional formada por ONG, sindicatos do entorno educativo, centros escolares e movementos sociais que se mobilizan para reclamar o cumprimento dos compromisos internacionais asinados polos Estados no marco da Axenda 2030 e do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) 4: "Garantir unha educación, inclusiva, equitativa, igualitaria e de calidade e así promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas". O equipo territorial galego da CME integrado, actualmente, por Axuda en Acción, EDUCO, Entreculturas, Taller de Solidaridade e a Universidade de Santiago de Compostela e grazas á cofinanciación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, dá continuidade ao seu traballo a través de actividades de sensibilización, concienciación, formación, mobilización social e incidencia política da Global Campaign for Education (GCE) en coordinación coa Coalición Española da CME.



A Campaña 2023-24, encadrouse baixo o lema "TransformaT para (con)vivir", unha aposta de educación transformadora que pon o foco en identificar as causas e posibles consecuencias do discurso de odio, así como procesos para deconstruír pensamentos e narrativas violentas e construír outras prosociais e transformadoras, á vez que desenvolver habilidades necesarias para a convivencia na pluralidade. Neste contexto, a Educación Transformadora para a Cidadanía Global (ETCG) é clave para facer fronte á incitación o odio e avanzar cara sociedades pacíficas, xustas e inclusivas que posibiliten o logro dos seguintes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): ODS 4 Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas, ODS 10 Reducir a desigualdade en e entre os países, ODS 16 Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas.

Durante o 2024 diversas foron as accións organizadas no marco da Campaña Mundial pola Educación:

No relativo ao traballo coa Universidade e o seu alumnado, propuxéronse varias actividades a realizar neste nivel educativo co obxectivo de ofrecer á comunidade educativa universitaria espazos e accións formativas de sensibilización e reflexión crítica, organizáronse **Xornadas Universitarias** nas facultades de Educación dos campus de Santiago, Lugo e A Coruña. Ademais o equipo da Campaña Mundial pola Educación en Galicia participou en dous ciclos de xornadas na Universidade de Badaxoz e na Universidade Carlos III de Madrid. Outra das actividades que se incluíron no proxecto para levar a cabo co alumnado universitario, foi a apertura dunha liña de innovación educativa baseada na metodoloxía de **Aprendizaxe e Servizo** (ApS) permitiu non só involucrar a este alumnado senón convertelos tamén en axentes chave para a

consecución dos obxectivos da Campaña. Nesta actividade participaron 25 alumnas e alumnos de 3º curso do Grao en Pedagogía. Por último, co obxectivo de promover novas liñas de investigación participativa e crear alianzas na defensa do ODS 4 e o dereito á educación, cumpre destacar o inicio dunha investigación que parte da necesidade de coñecer cal é o impacto real que ten a CME nos centros educativos galegos cos que ven colaborando e cales serían as accións de mellora para poder potenciar o traballo e os resultados conxuntos dende unha mirada pedagóxica. Durante este ano 2022-2023 desenvolveuse a Fase I “Deseño e planificación da investigación”.

No marco da Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME) levouse a cabo o día 4 de xuño un **acto de incidencia política no Parlamento de Galicia**, no que contouse coa participación de Miguel Ángel Santalices (Presidente do Parlamento de Galicia; Román Rodríguez (Conselleiro de Educación); Jesús Gamallo (Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE), Pilar Romero (Subdirectora Xeral de Relacións Exteriores); Noelia Otero Lago (Deputada do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia); Mercedes Queixas (Deputada do Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego); María Sol Díaz (Deputada do Grupo Parlamentario do grupo popular de Galicia), que recibiron a 120 nenos, nenas e adolescentes dos distintos niveis educativos procedentes de diferentes centros e entidades sociais da comunidade. Neste acto, os nenos, nenas e adolescentes trasladaron as súas peticións e reflexións para o cumprimento do dereito humano á educación e o logro dunha protección efectiva fronte os discursos de odio para evitar toda forma de discriminación.

De igual forma, cabe destacar o deseño e celebración dunha xornada divulgativa dirixida a sociedade galega e na que participaron aproximadamente 241

persoas o obxectivo de fomentar a súa sensibilización sobre a importancia do ODS4. O evento, de tres horas de duración e baixo o título “Campaña Mundial pola Educación: educando en igualdade. 20 anos traballando polo dereito á educación”, tivo lugar no Centro de Estudos Avanzados de Santiago de Compostela. Para iso, contouse coa participación de 11 persoas expertas e referentes en materia de educación e xénero en formato de 3 mesas redondas e 4 vídeos expositivos onde se abordaron as seguintes temáticas

- Educación para todas? O traballo da CME.
- Internet e xénero: a cosificación en tempos das RRSS.
- poder da linguaxe.



Sensibilización

Exposición fotográfica Mulleres Maya Mam: Nutrindo Raíces, Transformando Vidas

Coa finalidade de dar a coñecer o proxecto, financiado pola Subdirección de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia no ano anterior, e sensibilizar a poboación sobre a necesidade da cooperación ao desenvolvemento, deseñamos esta exposición na que se pon en valor a realidade das mulleres Maya Mam e os cambios producidos durante a vixencia do proxecto; para elo, ademais das fotografías das protagonistas, dámoslles voz nos vídeos gravados e aos que o público achegase accedendo cun código QR.

Durante o mes de febreiro de 2024 estivo exposta no Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.



Exposición fotográfica

Mulleres Maya Mam: Nutrindo Raíces, Transformando Vidas

Museo do Pobo Galego
Costa Santo Domingo, s/n

Do 25 de xaneiro ao 29 de febreiro



Museo do
Pobo Galego





Incidencia política e traballo en rede

En Educo traballamos para construír sociedades máis xustas e equitativas, nas que se garantan os dereitos e o benestar da infancia máis vulnerable. Para avanzar neste camiño é imprescindible a función de representación da entidade en favor da defensa dos intereses de nenas, nenos e adolescentes e propostas de Educo ante os diferentes actores que contribúen a garantir o desfrute dos seus dereitos a nenas, nenos e adolescentes, así como, a configurar a política galega de cooperación.

En liña co compromiso de Educo co traballo en rede, a organización participa activamente en Galicia na Coordinadora Galega de ONGD, formando parte da Xunta Directiva da mesma e a través da súa Comisión de Incidencia Política. No ano 2024 a actividade da Comisión de Incidencia Política, da que participou Educo, centrouse especialmente na incidencia sobre os orzamentos na Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia para a cal se alcanzou un considerable aumento. Entre outros temas, o traballo para contribuír ao deseño da nova ferramenta de financiación para cooperación ao desenvolvemento, a convocatoria de programas ou a nova liña de cooperación con enfoque feminista.

Así mesmo, a celebración das eleccións autonómicas foron unha oportunidade para achegar as propostas de mellora da cooperación galega ao ámbito político



Por outra banda, e no referente ao traballo en favor da defensa dos dereitos de nenas, nenos e adolescentes, Educo asumiu a Presidencia da Plataforma de Organizacións de Infancia (POIG) no inicio do 2024, coordinando así mesmo o grupo de incidencia política da entidades.

Nun contexto de eleccións autonómicas, deseñáronse varias ferramentas para facilitar a incidencia política e a visibilización das problemáticas propias da infancia e adolescencia no territorio galego. Así, o documento *Propostas de Infancia: Eleccións Autonómicas 2024* e o *Decálogo de Medidas Urxentes para o Benestar da Infancia e Adolescencia* permitíronnos achegarnos ao mundo político con certos éxitos como a recollida de varias das propostas nos programas oficiais dos partidos políticos. Estas accións foron acompañadas dunha campaña en redes o que permitiu maior impacto e visibilidade das propostas.



Como xa é tradición o 2024 tamén acolleu distintas accións en torno a celebración do 20N, o Día da Infancia. Así, unha Declaración Institucional en favor da defensa dos dereitos da infancia e adolescencia foi lida polo Presidente do Parlamento de Galicia. Adicionalmente, celebrouse o día cun acto na Cidade da Cultura na que, con representacións institucionais e políticas as nenas e nenos foron os protagonistas.

No mes de setembro presentouse o Informe de Enquisa de Condicións de Vida xunto coa POI, estudo que segue coñecer o estado da poboación

infanto adolescente da comunidade en relación á pobreza e ao risco de exclusión.

Como entidade de infancia, a POIG, participa adicionalmente en distintos procesos motivados polas administracións, así, presentamos emendas á Lei de Familias, traballamos aportes para o Protocolo de Protección de Infancia e Adolescencia no ámbito deportivo que presentou a Secretaría Xeral de Deporte da Xunta de Galicia ou a creación dunha Guía Práctica para a Creación de Protocolos para entidades de ocio e tempo libre entre outros.

Así mesmo, a POIG continúa a súa participación no grupo ad hoc creado no seno do Observatorio Galego de Familia e Infancia para o traballo na implantación da Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte a violencia.

 educosocial.org

  [@educosocial_ong](https://www.instagram.com/educosocial_ong)

 [educosocial_ONG](https://twitter.com/educosocial_ONG)

 900 535 238

